

BOAS PRÁCTICAS NA XESTIÓN DE RESIDUOS EN HOSTALERÍA E COMERCIO



Nunha cidade Patrimonio da Humanidade como é Lugo, a xestión de residuos en hostalería e comercio debe ser exemplar para tódolos cidadáns e para os visitantes.

Reduza a cantidade de residuos que xera:

- ▶ Empregue envases retornables ó distribuidor.
- ▶ Evite o uso de materiais de “usar e tirar”.
- ▶ Evite o malgasto de papel na publicidade.
- ▶ Reutilice sobres e outros papeis para as comunicacións internas.
- ▶ Adecúe a cantidade de alimentos elaborada ás expectativas de venda.
- ▶ Empregue *tarrinas* reutilizables e aforrará filmes de plástico e de aluminio. Diminúa o número de envoltorios.
- ▶ Moitos produtos veñen en envases-aforro ou a granel, con menos envoltorios e as mesmas características.
- ▶ Facilite ó consumidor a reutilización de caixas e bolsas para leva-la compra.
- ▶ Reutilice bolsas e sacos para desprenderse dos residuos.
- ▶ Empregue toallas vellas como trapos de limpeza.
- ▶ Rexeite materiais que leven a xerar residuos perigosos ou contaminantes.

Colabore coa reciclaxe do lixo:

- ▶ Habilite caldeiros ou caixas para a separación dos materiais destinados a reciclar.
- ▶ Forme ó persoal sobre os distintos aspectos da xestión do lixo.
- ▶ Promova a selección de residuos no seu establecemento: os clientes tamén valoran a preocupación polo medio ambiente como un elemento de calidade do servizo.
- ▶ Os papeis que non teñan graxas pódense usar para facer papel reciclado, tan só ten que levalos ós contedores azuis.
- ▶ As caixas de cartón ten que rachalas ou dobralas para facilitala súa xestión.
- ▶ Os envases de plástico, os envoltorios de plástico, as latas de bebidas, as latas de conservas, as chapas metálicas e os envases compostos (tipo brick) non son un residuo, sepáreos nunha bolsa ou caldeiro distinto e depósteos nos contedores amarelos da recollida selectiva.
- ▶ Se esmaga ou dobra os envases ocuparán menos espazo, tanto no seu establecemento como no contedor.
- ▶ Os envases de vidro non retornables sepáreos sen *corchos* e sen chapas para reciclalos.
- ▶ Tódolos envases “domésticos” teñen un sitio na recollida selectiva.

Xestione ben o resto do lixo:

- ▶ Deposite os restos orgánicos en bolsa ben pechada, evitará cheiros.
- ▶ Leve os restos orgánicos a última hora (entre as 18 e as 22 horas), para ofrecer unha imaxe de cidade limpa e ordenada.
- ▶ Use a recollida domiciliaria de voluminosos para mobles ou enseres (teléfono 982 254 483).
- ▶ Deposite tódalas pilas usadas nos contedores específicos, evitará riscos para a saúde e o medio ambiente.

Ademais:

- ▶ Procure empregar produtos elaborados con material reciclado, reciclable ou biodegradable.
- ▶ Revise o estado dos filtros de extracción de gases e ventilación.
- ▶ Promova entre os seus empregados a redución de ruídos innecesarios para a súa actividade, mellora a calidade do servizo ofrecido ós clientes, as condicións de traballo e a relación co vecindario.

Son recomendacións de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

